

FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR **Curso 2024-2025**

AXUDAS:

•AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Destinatarios: alumnos que o vindeiro curso 2024/2025 cursen 1º e 2º de Educación Primaria.

•AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR:

Destinatarios: alumnos que o vindeiro curso 2024/2025 cursen Educación Primaria.

•FONDO SOLIDARIO (banco de libros):

Destinatarios: alumnado que o vindeiro curso 2024/2025 cursen 3º, 4º, 5º E 6º de Educación Primaria. O alumnado que foi beneficiario este curso do fondo de libros deberán devolver os libros antes do 21 de xuño seguindo as indicacións da titora. De non ser así perdería o dereito a estas axudas.

PRAZO:

Para presentar a solicitude: **do 20 de maio ao 21 de xuño**, ambos incluídos, preferiblemente por vía electrónica ou tamén no centro educativo.

Prazo de solicitude para novas incorporacións fora do prazo ordinario: ata 31/3/2025, incluído.

As familias poderán solicitar estas axudas ata o venres 21 de xuño, cubrindo os anexos I e II (unha única solicitude por familia, incluíndo nela a todos os fillos matriculados en Educación Primaria neste Centro) e entregando a seguinte

DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar – tódalas páxinas escritas. No caso de non telo, certificado de convivencia ou Informe de Servizos Sociais.

-No caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor.

-No caso de discapacidade do alumno, do solicitante ou dalgún membro da Unidade Familiar: resolución do INSS da Seguridade Social de recoñecemento da pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. A data de referencia é 31/12/2023.

-Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

-Documentación acreditativa no caso de violencia de xénero.

-Resolución administrativa ou xudicial no caso de acollemento.

-Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Segundo as indicacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a solicitude pode facerse de 3 maneiras, preferiblemente, pola opción 1 (vía telemática).

1.Na aplicación FONDOLIBROS e, unha vez cuberta e gardada, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia. **IMPORTANTE:** na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.**NECESITARÁ** ter: A) conta de Chave365, ou B) ter instalado certificado dixital (guía) ou DNI electrónico e máis a aplicación Autofirma

2.Na aplicación FONDOLIBROS e, unha vez cuberta e gardada, imprimírase e presentárase no centro educativo.

3.Na secretaría do centro: cubrir os Anexo I e Anexo II da Orde da convocatoria e presentalos no centro educativo.

APLICACIÓN INFORMÁTICA: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/PaxinalInicio.action>